

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013761	IES A Xunqueira I	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Análise musical II	2º Bac.	4	116

Tipo de oferta

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	9
4.2. Materiais e recursos didácticos	9
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	9
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	9
6. Medidas de atención á diversidade	10
7.1. Concreción dos elementos transversais	11
7.2. Actividades complementarias	12
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	12
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	13
9. Outros apartados	13

1. Introducción

A materia de Análise Musical proporcióname ao alumnado unha formación que lle permite desenvolver as súas habilidades perceptivas para identificar os elementos que forman parte das obras musicais e, a partir de aí, profundar na súa comprensión global. Isto implica examinalas desde un punto de vista crítico e estético, establecendo relacións entre a proposta musical e o contexto histórico-social no que foi creada. Ademais, a materia permite descubrir aspectos relacionados coa incidencia da música no oínte e a súa utilización como medio terapéutico ou o seu uso en combinación con outras manifestacións artísticas.

A materia, que supón unha continuación e unha especialización dos coñecementos, destrezas e actitudes adquiridos durante as etapas educativas anteriores, estrutúrase en dous cursos. No primeiro, establécense as bases para o coñecemento dos elementos da análise musical, da forma musical e dos principios compositivos fundamentais. No segundo, profúndase nesas aprendizaxes e introdúcese aspectos histórico-estéticos.

A través da escoita activa e do estudo de partituras, o alumnado da materia de Análise Musical identifica as características de diferentes obras, podendo establecer relacións entre os seus elementos. Neste proceso analítico familiarízase, por unha banda, con procedementos compositivos tales como a repetición, a variación, a imitación ou o desenvolvemento e, por outra, coa identificación dos trazos estilísticos que permiten asociar as obras cun autor ou autora, un xénero ou un contexto musical determinado. O feito de aprender a analizar unha proposta musical non só lle permite ao alumnado aproximarse ao procedemento e aos mecanismos de deconstrución dunha obra, senón que o dota das ferramentas necesarias para comprender o conxunto da proposta e saber utilizar, en diferentes contextos, os elementos que a conforman.

Así mesmo, a partir dese proceso de análise, o alumnado pode expresar unha opinión fundamentada a través de recensións, comentarios ou críticas musicais, utilizando un vocabulario adecuado e difundindo o resultado a través de diversos medios, analóxicos e dixitais, respectando os dereitos de autor e a propiedade intelectual.

A interiorización das aprendizaxes da materia, a partir do recoñecemento e a reprodución de padróns musicais, xa sexan melódicos, rítmicos, harmónicos ou formais, permítelle ao alumnado contar con recursos aplicables a procesos de creación ou improvisación de obras sinxelas, xerando novas ideas sonoras. No seu desenvolvemento, préstase especial atención, por unha banda, ás posibilidades que ofrecen as tecnoloxías dixitais destinadas á composición musical e, por outra, aos beneficios educativos derivados da organización de proxectos creativos grupais nos que o alumnado planifica, achega ideas, respecta as opinións dos demais e asume diferentes funcións.

Completa a materia o descubrimento dos usos que se fan da música para, de forma consciente, influír no oínte, xa sexa con fins terapéuticos ou con outra funcionalidade vinculada á súa utilización en ámbitos non estritamente musicais.

Todas estas aprendizaxes organízanse ao redor de cinco obxectivos que foron deseñados a partir das competencias clave do bacharelato e dos obxectivos da etapa. Eses obxectivos permiten que o alumnado aplique procesos de análise musical para descubrir, comprender e utilizar a música como medio de expresión, desenvolver un espírito crítico e coñecer a súa incidencia no ser humano.

Os criterios de avaliación formuláronse tendo en conta os coñecementos, destrezas e actitudes que se pretende que alcance o alumnado, coa finalidade de determinar o nivel de logro dos obxectivos cos que se relacionan.

Os criterios de avaliación e os contidos estrutúranse en catro bloques que se reparten entre os dous cursos nos que se imparte a materia. No primeiro curso, os bloques de contidos refírense á análise musical e á forma musical. O bloque de «Iniciación á análise musical» céntrase na aplicación da escoita activa e o estudo de partituras para recoñecer os elementos da música e a relación que existe entre eles dentro do discurso musical. Ademais, inclúense aspectos relativos ao uso de recursos dixitais para a elaboración de recensións e a difusión musical. O segundo bloque, «A forma musical», aglutina aqueles contidos referentes aos diferentes elementos estruturais, formas musicais básicas, procedementos compositivos e funcións da música en vinculación con outras manifestacións artísticas.

No segundo curso, inclúense dous bloques de criterios de avaliación e contidos que abordan as técnicas de análises e os xéneros musicais. No que leva por título «Técnicas de análise musical», recóllense procedementos útiles para a realización de análises de obras musicais, de comentarios e críticas musicais, así como o uso de recursos dixitais para a investigación, a composición e a difusión musical. Pola súa vez, no bloque denominado «Xéneros musicais», introdúcese criterios de avaliación e contidos relacionados coas características sonoras, formas e xéneros musicais desde a Idade Media ata a actualidade, e coa utilización da música con fins terapéuticos.

Na materia de Análise Musical expóñense situacións de aprendizaxe que requiran reflexión e acción, así como unha actitude aberta e colaborativa, coa intención de que o alumnado adquira os instrumentos, técnicas e estratexias necesarias para desenvolver as súas habilidades perceptivas e profundar na comprensión global do feito musical. Estas situacións deben estar vinculadas a contextos reais que favorezan unha aprendizaxe significativa, e han de permitir a adquisición de coñecementos, destrezas e actitudes que o alumnado poida aplicar fóra da contorna da aula.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar os elementos musicais de diferentes obras, utilizando a escoita activa e o estudo de partituras, para describir as súas características e establecer comparacións.	2				50	1		1-2
OBX2 - Establecer relacións entre os elementos musicais dunha composición, a través da análise da súa estrutura e dos procedementos compositivos utilizados, para asociar a obra cun xénero, un estilo e un contexto de creación.	2			1	40	1		1-2
OBX3 - Elaborar comentarios e críticas musicais sobre as obras analizadas, utilizando unha terminoloxía adecuada e consultando distintas fontes de información, para expresar xuízos persoais fundamentados e contribuír á difusión do patrimonio musical a través dos medios dispoñibles.	1			3	40	1	3	31
OBX4 - Utilizar os procedementos compositivos fundamentais e as tecnoloxías dixitais, empregando os elementos e as estruturas musicais máis adecuadas, para crear obras sinxelas e realizar improvisacións.	1		1	3	31-32		3	31-32
OBX5 - Investigar sobre os usos da música con fins terapéuticos e en combinación con outras formas de expresión artística, utilizando diferentes fontes de información e analizando as características musicais das obras, para entender de que forma inciden determinados trazos musicais na saúde e nas emocións.	3		4	1-3	40			2

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Técnicas de análise musical	Técnicas de análises auditivo de obras de diferentes estilos e xéneros. Estratexias de análises dos elementos musicais da partitura con apoio da audición. A escoita	20	25	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Técnicas de análise musical	activa e o estudo de partituras como soportes para a análise.	20	25	X	X	X
2	A industria musical	Recensións musicais. Recursos dixitais para a investigación, a composición e a difusión musical. Dereitos de autor e propiedade intelectual.	20	16	X		
3	Organoloxía e características dende a Idade Media ata a actualidade.	As características sonoras e estilísticas da música desde a Idade Media ata a actualidade. Evolución organolóxica.	20	20		X	X
4	Os xéneros musicais	As formas e os xéneros musicais desde a Idade Media ata a actualidade.	20	25	X	X	X
5	A música e as emocións	Usos terapéuticos da música e como inciden determinados trazos musicais na saúde e nas emocións, a partir da información obtida en fontes de información fiables.	10	10	X		
6	Práctica musical	Improvisación, creación e interpretación de estruturas musicais breves para a interiorización dos elementos formais traballados previamente. Normas de comportamento individuais e grupais na interpretación.	10	20		X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Técnicas de análise musical	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir as características musicais dunha obra a partir da escoita activa e o estudo de partituras, analizando os seus elementos constitutivos e a función que estes cumpren dentro da composición.	Identificar os elementos da obra musical a través da escoita e con apoio da partitura.	PE	100
CA1.2 - Comparar os elementos constitutivos e as características musicais de diferentes obras, establecendo analoxías e diferenzas entre elas, a partir da escoita activa e do estudo de partituras.	Analizar obras identificando estruturas e procedementos compositivos básicos.		
CA2.1 - Describir as características musicais dunha obra a partir da escoita activa e o estudo de partituras, analizando os seus elementos constitutivos e a función que estes cumpren dentro da composición.	Describir cun vocabulario axeitado as características musicais dunha obra.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- A comparación como técnica analítica.
- Técnicas de análise de audición e de partituras.
- As formas e os xéneros musicais desde a Idade Media ata a actualidade.

UD	Título da UD	Duración
2	A industria musical	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Expresar xuízos persoais sobre as obras analizadas, argumentando a opinión propia e utilizando unha terminoloxía musical adecuada.	Expresar de xeito oral ou escrito xuízos persoais cunha terminoloxía axeitada.	TI	100
CA1.6 - Xustificar a opinión propia sobre as obras analizadas, investigando e seleccionando a información máis pertinente a partir de medios analóxicos e dixitais.	Expresar de xeito oral ou escrito xuízos persoais cunha terminoloxía axeitada.		
CA1.7 - Publicar críticas musicais e comentarios propios nos medios dispoñibles, analóxicos e dixitais, respectando os dereitos de autor e a propiedade intelectual.	Publicar nos medios dixitais ou analóxicos críticas e comentarios musicais.		
CA1.8 - Utilizar, de forma eficaz, as tecnoloxías dixitais na composición musical.	Usar eficazmente os medios dispoñibles na composición musical.		
CA2.4 - Asociar as obras analizadas cun xénero, un estilo e un contexto de creación determinados, identificando, de forma autónoma, a estrutura formal e os procedementos compositivos utilizados.	Asociar a xéneros musicais obras analizadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Comentarios e críticas musicais.
- Recursos dixitais para a investigación, a composición e a difusión musical.
- Dereitos de autor e propiedade intelectual.
- As características sonoras e estilísticas da música desde a Idade Media ata a actualidade. Evolución organolóxica.

UD	Título da UD	Duración
3	Organoloxía e características dende a Idade Media ata a actualidade.	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comparar os elementos constitutivos e as características musicais de diferentes obras, establecendo analoxías e diferenzas entre elas, a partir da escoita activa e do estudo de partituras.	Analizar obras basándose na evolución organolóxicas, con ou sen apoio de partitura.	PE	100
CA2.1 - Describir as características musicais dunha obra a partir da escoita activa e o estudo de partituras, analizando os seus elementos constitutivos e a función que estes cumpren dentro da composición.	Describir obras desde o punto de vista da evolución organolóxica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Técnicas para a análise do contexto de creación. O pensamento da persoa creadora, os condicionantes contextuais e a interpretación da obra.
- As características sonoras e estilísticas da música desde a Idade Media ata a actualidade. Evolución organolóxica.

UD	Título da UD	Duración
4	Os xéneros musicais	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Distinguir os principais xéneros e estilos musicais que se desenvolven na historia, analizando os factores que inciden na evolución das formas musicais.	Distinguir os principais géneros analizando obras con ou sen apoio da partitura.	PE	100
CA1.4 - Asociar as obras analizadas cun xénero, un estilo e un contexto de creación determinados, identificando, de forma autónoma, a estrutura formal e os procedementos compositivos utilizados.	Identificar de xeito autónomo as características musicais asociadas cun xénero concreto.		
CA2.2 - Distinguir os principais xéneros e estilos musicais que se desenvolven na historia, analizando os factores que inciden na evolución das formas musicais.	Distinguir os principais géneros analizando obras con ou sen apoio da partitura.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Técnicas para a análise do contexto de creación. O pensamento da persoa creadora, os condicionantes contextuais e a interpretación da obra.
- As formas e os xéneros musicais desde a Idade Media ata a actualidade.

UD	Título da UD	Duración
5	A música e as emocións	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Asociar as obras analizadas cun xénero, un estilo e un contexto de creación determinados, identificando, de forma autónoma, a estrutura formal e os procedementos compositivos utilizados.	Asociar xéneros musicais a contextos de creación determinados.	PE	100
CA2.5 - Analizar os usos terapéuticos da música e como inciden determinados trazos musicais na saúde e nas emocións, a partir da información obtida en fontes de información fiables.	Análizar de xeito claro os usos terapéuticos da música e o seu efecto nas emocións.		
CA2.6 - Describir as características da música que se utiliza con fins terapéuticos, analizando exemplos de obras e relacionando os seus trazos con posibles efectos no oínte.	Describir as características da música usada con fins terapéuticos e relacionándoos coa musicoterapia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Técnicas para a análise do contexto de creación. O pensamento da persoa creadora, os condicionantes contextuais e a interpretación da obra. - Uso da música con fins terapéuticos.

UD	Título da UD	Duración
6	Práctica musical	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Utilizar, de forma eficaz, as tecnoloxías dixitais na composición musical.	Usar eficazmente e con responsabilidade as tecnoloxías dixitais na composición musical.	TI	100
CA2.3 - Realizar improvisacións sinxelas ou pequenas composicións, en proxectos musicais grupais, utilizando os procedementos compositivos fundamentais e aplicando padróns melódicos, rítmicos, harmónicos e formais previamente analizados e interiorizados.	Imporvisar e xerar novas ideas musicais a partir dos patróns traballados.		
CA2.6 - Describir as características da música que se utiliza con fins terapéuticos, analizando exemplos de obras e relacionando os seus trazos con posibles efectos no oínte.	Describir características da música que se está interpretar de xeito práctico na aula.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Recursos dixitais para a investigación, a composición e a difusión musical.
- Normas de comportamento individuais e grupais na interpretación.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia require unha metodoloxía maiormente práctica mesturada coa aprendizaxe teórica. Para traballar a parte práctica e produción musical usaremos metodoloxías cooperativas e colaborativas principalmente, xa que se fará interpretación en conxunto.

Támén contaremos con metodoloxía de aprendizaxe baseado en proxectos: Presentar ó alumnado situacións complexas con vistas a que intenten resolvelas de forma creativa, estimulando a imaxinación, a creatividade e a aplicación das súas propias experiencias.

No tratamento dos contidos teóricos da materia buscarase unha aprendizaxe por descubrimento: a base e observar e rexistrar información de forma sistemática. Non se trata de proporcionar directamente os coñecementos, senón de ensinalles a manexar os que xa saben, para que descubran, coa axuda do profesorado outras cousas.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos habituais das dotacións de aula
Aula virtual
Programas de edición de partituras e audio
Material do Repositorio Abalar que se pode descargar e utilizar na Aula Virtual

Instrumentos habituais das dotacións de aula: Orff, pequena percusión, etc

Aula virtual: todos os recusos e actividades que pon á disposición a aula virtual do centro.

Programas de edición de partituras e audio

Material do Repositorio Abalar que se pode descargar e utilizar na Aula Virtual

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Non procede.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	20	20	20	10	10	100
Proba escrita	100	0	100	100	100	0	70
Táboa de indicadores	0	100	0	0	0	100	30

Criterios de cualificación:

A nota de cada trimestre será a media ponderada en base ás porcentaxes de cada unidade traballada:

70% probas escritas

30% táboas de indicadores: rúbricas, observación sistemática

Para superar a materia será necesario obter un 5 ou máis.

Cando a nota de cada avaliación ou final dea números con decimais, se estes están por debaixo de 0.75 tenderase a nota enteira inferior, e se están por enriba de 0.75 tenderase a nota enteira superior, por exemplo, se a media é de 7.65 a nota será 7; se a media é 7.75 a nota será 8.

A nota final será a media aritmética das cualificacións de cada avaliación dos tres trimestres. Dita media redondearase tamén ao enteiro máis próximo do mesmo xeito de cada avaliación. Se dita media é igual ou superior a 5, a materia está superada.

Criterios de recuperación:

Ao rematar cada avaliación farase unha recuperación que constará dunha proba escrita sobre os contidos teóricos da materia.

Se non se supera a materia na avaliación ordinaria o alumnado terá que presentarse á avaliación extraordinaria con toda a materia para a realización dun exame escrito.

Para superar a materia será preciso obter un 5 na proba extraordinaria.

Cando a nota de cada avaliación ou final dea números con decimais, se estes están por debaixo de 0.75 tenderase a nota enteira inferior, e se están por enriba de 0.75 tenderase a nota enteira superior, por exemplo, se a media é de 7.65 a nota será 7; se a media é 7.75 a nota será 8.

6. Medidas de atención á diversidade

Prestaremos especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ofrecendo diferentes formas de organización dos espazos e tempos da clase, e metodoloxías variadas que permitan a todo o alumnado seguir as explicacións e actividades propostas.

O obxectivo fundamental é asegurar a normalización, inclusión e non-discriminación deste alumnado coa fin de que poida acceder a unha educación de calidade con igualdade de condicións.

Para garantir un apoio axeitado a este alumnado, é fundamental establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervéñen na súa educación, e organizar os recursos persoais e materiais do centro coa fin de desenvolver actividades encamiñadas á inserción e promoción.

Estudiaranse as circunstancias concretas de cada caso, con especial atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, tendo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, establecendo as liñas educativas a seguir e garantindo así os apoios necesarios. Para elo, a función da coordinación entre docentes, alumnado e familias é fundamental a través da tutoría.

Con todo, para a atención á diversidade do alumnado de bacharelato estarase ao disposto na lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

Algunhas posibles ferramentas para organizar a atención á diversidade serían:

1. Organizar ao alumnado en diferentes agrupamentos nas actividades segundo os seus intereses e motivacións.
2. Utilizar materiais variados en ditas actividades: escritos, audiovisuais, etc.

3. Aplicar diversas técnicas e metodoloxías para explicar un mesmo contido.
4. Manter o contacto permanente con este alumnado a través de entrevista persoal e titorías coas familias para saber que parte da asignatura cóstalles máis seguir.
5. Ofrecerlle tempo extra para asimilar as explicacións (por exemplo algún recreo a semana para consultar dúbidas) e para resolver probas específicas.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual		X				X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial		X				
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico		X				
ET.7 - Educación emocional e en valores		X			X	
ET.8 - Igualdade de xénero		X			X	
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Comprensión lectora: Traballárase principalmente a través dos textos para aprender os contidos teóricos.

Expresión oral e escrita: A través da redacción de textos explicativos e traballos de exposición oral.

Creatividade: actividades de práctica instrumental, adaptación de proxectos musicais.

Actividades que implican traballo grupal e controlar o noso propio rol dentro do grupo. .

Igualdade entre sexos: Utilización de obras de diversos estilos e épocas compostas tanto por homes como por mulleres, fomentando especialmente o repertorio composto por mulleres e intérpretes femininas.

Fomento do espírito crítico. A través da comprensión dos elementos que conforman a produción musical e dos distintos estilos e xéneros o alumnado conformará unha opinión obxectiva e crítica e isto contribuirá a fomentar un consumo responsable .

Educación emocional e en valores. Actividades grupais nas que é primordial respectar as interpretacións dos demais e axudarse mutuamente para conseguir un produto conxunto.

Competencia dixital: investigación e consulta de contido na rede, traballo na busca de información fiable e filtrada.

Comunicación audiovisual: Gravación, publicación e distribución dos proxectos.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia a un concerto	Asistir como público a algún concerto didáctico de música.			
Interpretación conxunta	Participar nalgunha actividade do centro interpretando algunha das pezas traballadas durante o curso.			

Observacións:

Calquer outra actividade que poda xurdir ao longo do curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Ben ou Acadado
Mal ou Non acadado
Regular ou Mellorable

Descrición:

A programación é un documento aberto e susceptible de cambios segundo observemos os procedementos que funcionan e os que non. Debe revisarse cada ano coa fin de adaptala mellor á realidade das aulas. A posta en práctica de dita programación é o que nos permite melloralala, recollendo a través dos procedementos de avaliación da propia programación e da práctica docente, a información necesaria para reformala. O proceso de avaliación da propia programación e da práctica docente realízase dentro do Departamento coa información recollida polos docentes sobre diferentes aspectos do desenvolvemento da mesma, que debería incluír unha valoración/avaliación dos estudantes, do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe, que pode realizarse a través dun cuestionario ou unha entrevista con cada alumno a final e curso. Algúns dos ítems a contemplar para avaliar a propia programación e a práctica docente mediante rúbrica son os seguintes:

- Comprobación dos obxectivos propostos: se estes se adaptan ao curso correspondente, se se poden acadar coas unidades propostas, a porcentaxe de alumnado que consegue ditos obxectivos, etc.
- Idoneidade das unidades didácticas propostas: se hai correlación entre obxectivos, contidos e criterios de cualificación nestas, a corrección da temporalización. e se contribúen realmente a acadar as competencias clave.
- Utilidade materiais didácticos empregados: comprobar se o alumnado os entende, se son variados, se están adaptados para o alumnado con necesidades educativas específicas e de apoio educativo, se inclúen TIC, etc.
- Valoración dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación: se son útiles e precisos, se os instrumentos de avaliación inclúen métodos cualitativos e cuantitativos, se se inclúen procedementos de recuperación, etc.
- Grao de implicación dos estudantes no proceso de ensino-aprendizaxe: coñecen os obxectivos propostos, o repertorio e actividades parécenlles adecuados, coñecen os criterios de avaliación e cualificación, etc.
- Tido en conta o anterior, elaboración de propostas de mellora.

Os ítems anteriores avalíaranse mediante os indicadores ben ou acadado, mal ou non acadado e regular ou mellorable no caso de que sexa acadado pero que se poida revisar e mellorar.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para o seguimento da programación, avaliación desta e propostas de melloras utilizaremos unha táboa de indicadores considerando os ítems expostos no punto anterior: "avaliación do proceso de ensino e práctica docente", valorando para cada un deses ítems o grao de consecución e facendo propostas de mellora naqueles puntos que se observen carencias. Así o procedemento de seguimento e avaliación da programación e da práctica docente farase mediante táboas de indicadores, ficha con preguntas a cubrir polo alumnado e entrevista persoal co alumnado. A partir da análise dos datos extraídos destes procedementos de seguimento, faranse as correspondentes propostas de mellora.

Dito seguimento farase trimestralmente acordando en reunión de departamento os cambios a introducir na programación a través da aplicación proens en cada trimestre e a final de curso de cara ao ano seguinte.

9. Outros apartados